

Que é o período de adaptación?

En setembro terá lugar o proceso de adaptación á vida escolar, que se trata do conxunto de fases sucesivas polas que a nena ou neno chega a acomodarse ao medio escolar.

Antes de comezar o curso, convocarase a todas ás familias a unha xuntanza coa titora, onde se explicarán grupos e horarios para este período, así como diferentes indicacións para o curso escolar.

Este proceso ten moita importancia para o alumnado a nivel emocional. Cada neno e nena levará o proceso de adaptación de forma diferente, por iso é importante a acción conxunta da familia e a escola, para lograr conxuntamente a mellor adaptación para cada alumno/a.

VÉMONOS EN SETEMBRO



NOME

Toda a roupa (abrigos, gorros e todo o que se podan sacar) terá que vir marcada co nome do neno ou nena.

Durante o verán, é interesante que os nenos e nenas vaian traballando a autonomía nas súas actividades cotiás, intentando, dentro das súas posibilidades, como por exemplo:

POÑER A CHAQUETA

LAVAR AS MANS

MERENDAR SÓS

IR AO BAÑO

ABRIR A BOTELLA DE AUGA

O calzado debe ser de velcro, evitando o que leve cordóns, para favorecer a autonomía do alumnado.



PERÍODO DE ADAPTACIÓN

CEIP FOGAR

CURSO 22/23

Información para as familias do alumnado de nova incorporación a educación infantil, 4º de educación infantil.

CEIP FOGAR
r/ Vila de Ordes s/n
ceip.fogar.carballo@
edu.xunta.gal
981700294
15100 Carballo
A Coruña)

